

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE XERMADE**

ANUNCIO de ampliación do prazo de información pública da aprobación inicial do Plan xeral de ordenación municipal.

Aprobado inicialmente o Plan xeral de ordenación municipal de Xermade, polo Pleno do 28 de setembro de 2015, conforme o artigo 85.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, someteuse a información pública por prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para formular as alegacións pertinentes.

Publicado o anuncio nos xornais *El Progreso* e *La Voz de Galicia* do 2 de outubro, e no DOG núm. 202, do 22 de outubro de 2015, a partir desa data iniciouse o período de dous meses de exposición pública.

O Concello Pleno, por unanimidade, o 10 de decembro de 2015,

ACORDOU:

Primeiro. Prorrogar por un mes o período de exposición pública de dous meses para alegacións previsto no artigo 85.2 da Lei 9/2002 cos mesmos efectos. O prazo comezará a partir da data de publicación do anuncio no DOG.

Xermade, 11 de decembro de 2015

Roberto García Pernas
Alcalde

